

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE SANTA COMBA PARA HABILITAR UNHA SENDA PEONIL NA ESTRADA AC- 406 DENDE O POLÍGONO EMPRESARIAL DE SANTA COMBA

1. Antecedentes

A Axencia Galega de Infraestruturas ten entre os seus obxectivos a mellora da rede viaria de Galicia, de xeito que se proporcione ás persoas usuarias da rede unhas condicións de condución cómodas e seguras, mellorando os déficits na seguridade viaria e facilitando o acceso aos distintos equipamentos na procura e no fomento dun desenvolvemento harmónico.

A AXI é o órgano de contratación do sector público autonómico que mais incidencia ten no sector da construción de obra civil, posto que a maior parte do seu orzamento destínase a obras de construción de infraestruturas.

2. Razóns de necesidade e oportunidade

Entre os instrumentos de planificación que guían a actividade da Axencia está o Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2022-2025, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia de 28 de abril de 2022. O reto número 1 deste plan é "visión cero en usuarios vulnerables: mellora da seguridade dos peóns", e a acción 1.1, a construción de beirarrúas e sendas peonís.

A construción dunha senda peonil na estrada autonómica AC- 406 enmárcase en dito plan. Co aproveitamento da cuneta entre os puntos quilométricos 27+750 (acceso viario ao parque empresarial) e o 28+410 (inicio da zona con beirarrúas na avenida de Santiago) habilitarase un itinerario seguro a pé entre o polígono industrial e o centro urbano de Santa Comba.

3.- Impacto económico

O custo total da actuación estimase en **42.240,13 €** IVE engadido.

A Axencia Galega de Infraestruturas, encargase de licitar, executar dirixir e financiar as obras obxecto deste convenio con cargo a partida orzamentaria 09.A1 512B 600.1, código de proxecto 2018 00012 do seu orzamento para 2023.

4.- Carácter non contractual

O citado convenio é un acordo baseado nos intereses das partes que xera efectos xurídicos entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Santa Comba e que non ten ánimo de lucro nin contido contractual.



5.- Adaptación á Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público

O contido do convenio adáptase ao establecido no Título Preliminar, Capítulo VI, artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro de réxime xurídico do sector público e, supletoriamente, polos principios da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica
O director da Axencia Galega de Infraestruturas
Francisco Menéndez Iglesias

